

PROCEDEMENTO	TIPO DE CONTRATO (CONTÍAS VIXENTES DENDE O 1 DE XANEIRO DE 2016)		
	Obras	Subministracións	Servizos
<b>Contratos menores</b>	<b>Orzamento de licitación* inferior a 50.000 euros</b>	<b>Orzamento de licitación inferior a 18.000 euros</b>	<b>Orzamento de licitación inferior a 18.000 euros</b>
	Duración máxima dos contratos: 1 ano, sen posibilidade de prórroga. Para a tramitación do expediente polo centro de gasto correspondente só será necesaria a aprobación do gasto (folla de pedimento) e tramitar a factura correspondente debidamente comprobada e conformada. <b>A partires de 1.000 euros é preciso solicitar tres orzamentos.</b>		
<b>Procedemento negociado sen publicidade **</b>	<b>Orzamento de licitación igual ou superior a 50.000 euros e igual ou inferior a 200.000 euros</b>	<b>Orzamento de licitación igual ou superior a 18.000 euros e igual ou inferior a 60.000 euros</b>	<b>Orzamento de licitación igual ou superior a 18.000 euros e igual ou inferior a 60.000 euros</b>
	Require tramitación de expediente de contratación polo SXE e que o director do centro de gasto ou o responsable da unidade técnica ou administrativa proponente do contrato solicite ofertas, cando menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible. Previamente o órgano de contratación deberá aprobar o anexo I do PCAP e o PPT. Deberá enviarse ao SXE copia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento, así coma o informe de cualificación técnica realizado de acordo cos criterios previstos no anexo I do PCAP. <b>É obrigado negociar esas ofertas cos licitadores, polo que se impón como mínimo unha segunda rolda de solicitude de ofertas de mellora en relación coa primeira recepción (véxase o artigo 11.6.2, letra d, das bases de execución do orzamento do 2016).</b>		
<b>Procedemento negociado con publicidade **</b>	<b>Orzamento de licitación superior a 200.000 euros e inferior a 1.000.000 euros</b>	<b>Orzamento de licitación superior a 60.000 euros e inferior a 100.000 euros</b>	<b>Orzamento de licitación superior a 60.000 euros e inferior a 100.000 euros</b>
	Require a tramitación de expediente de contratación polo SXE		
<b>Procedemento aberto ou restrinxido sen publicidade no DOUE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación inferior a <b>5.525.000 euros</b></li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 26 días naturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación inferior a <b>209.000 euros</b></li> <li>- Prazo de presentación de ofertas : 15 días naturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación inferior a <b>209.000 euros</b></li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 15 días naturais</li> </ul>
	Require a tramitación de expediente de contratación polo SXE.		
<b>Procedemento aberto ou restrinxido con publicidade no DOUE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación igual ou superior a <b>5.525.000 euros</b></li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 40 días naturais. Si existe anuncio previo: 36 días naturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación igual ou superior a <b>209.000 euros</b></li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 40 días naturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación igual ou superior á <b>209.000 euros</b></li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 40 días naturais.</li> </ul>
	Require a tramitación de expediente de contratación polo SXE.		

\* O orzamento de licitación é o importe estimado ou coñecido do contrato, segundo o caso. Estas cantidades non inclúen o IVE

\*\* Nestes supostos tamén se poderán utilizar os procedementos aberto e restrinxido